

## O picudo das palmeiras e o Galaicus Recicladorus

Escrito por Xilberte Manso de la Torre  
Martes, 02 Decembro 2014 10:20

---



Hai unha especie de palmeira que está nos nosos xardíns e parques públicos dende hai moitos anos. **Foi plantada polos indianos nos xardíns das casas que construíron e, pouco a pouco, por imitación, tamén polos concellos e a poboación en xeral, que vían nesta árbore un sinal de distinción.** Chegouse a tal punto que moita xente plantounas en macetas e en xardineiras, mesmo nos balcóns e en terrazas das que, co paso do tempo e ao ir medrando, xa non puideron saír se non era troceadas e con un grande custo material e económico. As árbores medran e si non son plantadas nun sitio axeitado e respectando as distancias vitais que cada especie necesita no seu desenrolo, ocorre que o que era motivo de ornato e de pracer visual, trócase nun estorbo e nun problema ao que lle hai que pór remedio.

## O picudo das palmeiras e o *Galaicus Recicladorus*

Escrito por Xilberte Manso de la Torre  
Martes, 02 Decembro 2014 10:20

---

{jathumbnail off}



Seica de xeito accidental, procedente de África e vía sur de España, chegou ata a nosa terra un escaravello ao que chaman picudo vermello, pola súa cor e unha especie de pico no seu maxilar superior que utiliza para ir minando, dende o ápice, ás palmeiras que hai polos xardíns e parques do Val Miñor. **A pouco que nos fixemos cando transitamos polo Val Miñor, iremos vendo vedraias palmeiras de pazos e casas con soleira, e tamén de chalets de veranentes e moradores de a diario, mortas ou en proceso de morrer, atacadas por esta praga de escaravellos chegados das terras do sur.**

Cando nos desprazamos cara o noso lugar de traballo a cotío, imos mirando e descubrindo novos exemplares infectados e **facendo como unha necrolóxía desta árbore ata hai ben pouco tempo maxestuosa nos xardíns de pazos como o de Cadaval, a carón da vella ponte da Ramallosa, nas antigas Escolas Proval, en toda rúa Otero Pedrayo nesas grandes fincas con aire pacego, en Sabarís e na entrada de Baiona, en Praia América, en Canido, no Viso, en Rans ... en todas partes**. Algunhas delas xa mortas e secas e outras en proceso, en moitos casos sen que os seus propietarios se decaten, pois conservan o verdor das follas máis vellas perante bastante tempo dende que son infectadas.

Un sinal inequívoco de que están infectadas é a falla das follas de crecemento, as follas novas que van saíndo do ápice e que son as que tiran da palmeira cara arriba. Ao contrario que noutras especies de árbores, as palmeiras, non son quen de recuperar o ápice e xermolar por outra parte do tronco ou dunha das últimas pólas do ano anterior, secan aos poucos mentres o picudo vai furando a súa parte máis branda e facendo uns novelos de celulosa nos que se agochan as larvas para, dun xeito semellante ao dos vermes da seda, ir transformando á larva no escaravello adulto que sairá ao exterior para seguir reproducíndose noutra palmeira próxima.

## O picudo das palmeiras e o Galaicus Recicladorus

Escrito por Xilberte Manso de la Torre  
Martes, 02 Decembro 2014 10:20

---



Como di o noso compañeiro botánico Xosé Ramón García, **a todas as especies foráneas lle chega o seu san Martiño.** Nun proceso de adaptación e expansión, pasados cen anos, máis ou menos, soe chegar unha praga que lle dá a volta ao proceso e o inverte reducindo e/ou acabando con dita especie. Está a pasar nos eucaliptos co *Gonipterus scutellatus*; nos piñeiros radiatas de repoboación coa procesionaria, *Thaumetopoea pityocampa*; nas vides americanas, co mildeu *Plasmopara* vitícola que apareceu en Barcelona en 1880, e agora coas palmeiras co picudo vermello *Rhynchophorus ferrugineus* que seica apareceu en 1993, procedente de Arabia Saudí vía Exipto, en Almuñecar.

## O picudo das palmeiras e o *Galaicus Recicladorus*

Escrito por Xilberte Manso de la Torre  
Martes, 02 Decembro 2014 10:20

---

**Hai remedio para parar esta praga?** Din que si, mais o seu custe e a crise está levando a que o picudo en pouco tempo ( pode estar ata tres anos nunha planta infectada sen manifestarse externamente) remate con tódalas palmeiras do Val Miñor e dos arredores. Si nos fixamos cando imos cara Vigo pola estrada da vía, podemos ir vendo exemplares afectados en Coruxo e Canido.

A Xunta de Galicia parece que nun primeiro intre ordenaba destruír as palmeiras seguindo un estrito e caro procedemento, que agora xa non o é tanto, dado que moitas familias propietarias non dispoñen dos medios necesarios para levalo a cabo . **Agora vemos como, sen tratamento, as palmeiras morren e en moitos casos non son retiradas polo alto custo que supón o proceso.**

**Noutro casos si o fan e está a ocorrer que aparecen as toradas de palmeira en vertedoiros ilegais e no propio monte, como no caso que podemos ver nas fotos que adxuntamos, aparecidas na Groba o 27 de novembro**  
, na pista que vai ao curro de Mougás.

A falla de sensibilidade e responsabilidade pode levarnos a , sen querer, espallar o picudo a lugares onde non está. Seica a certas altitudes non se reproduce ( caso da Groba) e tamén que nas partes máis baixas da palmeira tampouco está, mais o caso non é que leven o picudo ao monte a un lugar onde non se vai a reproducir, se non que lixemos as pistas e camiños con un novo e exótico elemento en forma de rodas de madeira de palmeira datileira ou canaria.

**Xa sabemos que os galegos neste da reciclaxe somos especialistas destacados.** Para mostra nos paseos pola Groba abonda con ver as bañeiras que fan de pías para abeberar as vacas, os cancelos feitos con metálicos das camas e as redes e cordas de plástico nos valados. Agora , tamén , toradas de palmeira nos camiños e nas congostras.

¡País....!

## O picudo das palmeiras e o *Galaicus Recicladorus*

Escrito por Xilberte Manso de la Torre  
Martes, 02 Decembro 2014 10:20

---

